

### A cidadanía debe chamar por teléfono

Co obxecto de evitar as concentracións nas salas de espera e os contactos entre usuarios nos centros sanitarios -que poderían aumentar o risco de contaxios-, a autoridade sanitaria da Área de Vigo ten promovido a modalidade de atención non presencial; isto é, a consulta telefónica

Así, os usuarios **deben chamar por teléfono ao seu Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada (PAC) antes de achegarse ao mesmo**. Os profesionais atenderán todas as consultas telefónicas e resolverán o problema de saúde plantexado. Se o consideran necesario -e de acordo cos protocolos establecidos- indicarán a realización da proba diagnóstica do coronavirus (PCR).

Desde a Xerencia agrádese a colaboración da cidadanía no cumprimento destas indicacións así como a implicación e compromiso dos profesionais coas novas medidas organizativas, sendo conscientes da complexidade que isto supón no desenvolvemento do seu traballo.

### Listado dos Centros de referencia

A nova ordenación da asistencia de pacientes con sospeita de padecer infección respiratoria por Coronavírus é a seguinte:

#### Concello de Vigo

1. **Rosalía de Castro** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Rosalía de Castro, Beiramar e Casco Vello.
2. **Centro de saúde de Teis**. Atenderá os seus propios pacientes con sospeita COVID -19
3. **Rúa Cuba** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID-19 para os pacientes dos centros de rúa Cuba e Taboada Leal
4. **Centro de saúde da Doblada**. Atenderá aos seus propios pacientes con sospeita COVID -19
5. **Centro de saúde de Lavadores**. Atenderá aos seus propios pacientes con sospeita COVID -19
6. **Sárdoma** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita de COVID-19 para os pacientes de Sárdoma, Bembrive e Matamá
7. **Centro de saúde de Coia** atenderá aos seus propios pacientes con sospeita COVID -19
8. **Centro de saúde de Navia** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Navia e Coruxo
9. **Centro de saúde de Pintor Colmeiro** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Pintor Colmeiro, Nicolás Peña e López Mora





#### Organización resto Concellos da Área Sanitaria

10. **Centro de saúde de Cangas** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Cangas e Moaña.
11. **Centro de saúde Valmiñor** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Baiona, Gondomar e Panxón.
12. **Centro de saúde A Guarda** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Oia, O Rosal e A Guarda
13. **Centro de saúde Tui** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Golán, Tomiño e Tui.
14. **Centro de saúde de Porriño** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Porriño e Salceda de Caselas
15. **Centro de saúde de Mos** para os seus propios pacientes con sospeita COVID -19
16. **Centro de saúde de Redondela** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para paciente de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Chapela e Redondela
17. **Centro de saúde de Pontareas** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID 19 para pacientes de Salvaterra, Mondariz-Balneario, As Neves, Covelo e Mondariz Pobo
18. **Centro de saúde A Cañiza** centraliza a atención a pacientes respiratorios con sospeita COVID -19 para pacientes de Arbo, Crecente, Valeixe e A Cañiza

